

## EXERCICIO

Vou contarvos un conto triste.

A pouco de casar doña Micaela comenzou a facer camisiñas; mais a súa ilusión **abateuse** de súpeto e con bágoas nos ollos meteu nun frasco de augardente o froito **merado** dos seus amores.

Doña Micaela escribiu nun papeliño: Adolfo, 12 de Maio de 1887. Pegou o papeliño no frasco e dispois de bicalo tristemente gardouno no armario das sabáns de liño.

Non vos riades, porque o conto é triste.

Aínda no **decorreran** catro meses e doña Micaela comenzou a traballar novamente nas camisiñas. A boa fidalga regalábase **cavilando** no herdeiro que xa estaba en camiño do mundo, e por segunda vez doña Micaela ollou **murchas** as súas ilusións de nai, e con fonda tristura meteu en augardente o novo froito merado dos seus amores.

Doña Micaela escribiu: Rosa, 7 de Xaneiro de 1888. Pegou o papeliño no frasco e moi amargurada gardouna no armario das sabáns de liño.

Non vos riades, porque o conto é triste.

A probe señora chorou tres veces máis e meteu noutros tantos frascos de augardente un Pedro, un Ramón e unha Alicia.

Non vos riades.

A boa fidalga **decatouse** de que non **aloumiñaría** endexamais un fillo verdadeiro e, cos seus grandes **azos** maternos, adicou a vida enteira ó coidado **garimoso** dos frascos de augardente. ¡Triste vida!

Non, non vos riades, porque o caso é triste.

Cando unha **fanada** ilusión cumpría anos doña Micaela remudáballe o augardente. Tódolos días bicaba os frascos e arrombaba os laciños de seda que **cinguían** as **vincas** dos frascos de Rosa e de Alicia.

A boa fidalga chegou a vella e tiña criadas de tanto ben que andaban coas chaves dos armarios e gobernaban a casa.

Un día chegou diante de doña Micaela unha das criadas. Viña tan cortada que non podía falar; mais a probe muller tirou consigo e pouco a pouco foi confesando entre **saloucos**:

-¡Perdón, miña ama! ¡Ai, que desgracia, señora! O señorito Adolfo caeume das mans e rompeuse.

E **no intre** doña Micaela esmoreceuse para sempre.

**ALFONSO R. CASTELAO:** *Cousas* (1926).

### CUESTIÓNS:

- 1.- Título e interpretación. Estrutura do texto: forma e contido.
- 2.- Análise do tipo de prosa utilizada nel.
- 3.- Por que o narrador di tantas veces “non, non vos riades, porque o caso é triste”?
- 4.- Xustificar que é unha “cousa” de Castelao.
- 5.- Significado e sinónimos das palabras ou expresións en negriña.